

RESUMO DO PROTOCOLO TDAH

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/07/02/libro_tdah_definitivo_16-06-14.pdf

PAUTAS PARA A ATENCIÓN DO ALUMNADO CON TDAH

En primeiro lugar, destacar a necesidade de adecuar e individualizar a atención a cada un dos alumnos/as, pois non todos teñen as mesmas necesidades a pesar de compartir diagnóstico.

PAUTAS PARA O PROFESORADO

- ⑩ **Localización** do alumno/a na aula: preto do profesorado e de compañeiros que lle proporcionen tranquilidade, orde e axuda. Evitar a proximidade a portas e fiestras, así como lugares de maior tránsito
- ⑩ Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa
- ⑩ Normas de convivencia consensuadas na aula: poucas e negociadas
- ⑩ O profesorado evitará os enfrontamentos verbais e retadores cando se esixe o cumprimento das normas. Aconséllase firmeza, sen implicarse emocionalmente, e non culpar diante das compañeiras e dos compañeiros (o alumnado con TDAH non actúa así porque quere, senón porque non pode evitar ese comportamento)
- ⑩ Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predecibles axudaralle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento
- ⑩ Nas **actividades** de ensino-aprendizaxe: alternar teoría-práctica, explicacións claras e sinxelas, captar a atención, segmentar as actividades longas, supervisar constantemente, uso de apoios visuais, actividades variadas, reforzo positivo para motivar, etc.
- ⑩ Constante comunicación coas familias
- ⑩ Uso da axenda para estruturar o traballo e como canle de comunicación coa familia
- ⑩ Coñecer o seu estilo de aprendizaxe, as súas capacidades, as súas preferencias e motivacións
- ⑩ Ofrecerlle ao alumno experiencias de éxito, e reforzarse calquera pequeno logro na aprendizaxe e/ou na conduta
- ⑩ Ofrecerlle confianza e expectativas positivas, facéndolle correccións respecto á súa tarefa e achegando propostas de mellora

	⑩ Axudarlle a coñecer e a manexar as súas emocións (baixa tolerancia á frustración, dificultades para atrasar a gratificación) ⑩ Evitar avaliar sempre negativamente e proxectar expectativas de éxito ⑩ Estratexias para mellorar a conduta: reforzo positivo, evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público, ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos, permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos. utilizar puntos para conseguir premios ou incentivos, establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma, evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización, facer contratos de conduta adaptados á idade do alumnado
A V A L I A C I Ó N C U R R I C U L A R	Avaliar é un proceso individual e singular de cada persoa e por iso se deben considerar as circunstancias persoais de cada quen e a súa particular forma de ser e de aprender. Algunhas das orientacións xerais son as seguintes: ⑩ Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación ⑩ Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo ⑩ Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos ⑩ Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías) ⑩ Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH. ⑩ Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración ⑩ Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa ⑩ Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución ⑩ Posibilitar que as nenas e os nenos que o desexen poidan recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos ⑩ Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CENTRO PÚBLICO INTEGRADO
COVA TERREÑA**

Rúa Dolores Agrelo, s/n C.P. 36300 Baiona
Teléfono: 886 12 00 01 Fax: 886 12 00 09
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/>



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



Equipos de
Dinamización
da Língua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia

